

Núm. 29

15-5-26

nós.

CATLAC



BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO
Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDACCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

OS PAGOS SON ADIANTADOS E OS GASTOS DE XIRO DE CONTA DOS SUSCRITORES

Este boletín non publica mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pola-Dirección. Tampouco se fai solidario das idelas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

SUMARIO

A Buitra, por Gonzalo López Abente.

O momento actual da música galega, por Jesús Bal.

A espiritada de Moeche e o poseso Antón Ramilo, por Urbano Losada Martínez.

A Edade do Ferro na Galiza, por Florentino L. Cuevillas.

Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza

Os homes, os feitos as verbas, pol-a Redacción.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS
IRMANDADES

Administración Real, 36 — A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VIII ★ Ourense 15 Maio 1926 ★ Núm. 29

A B U I T R A

Ti despertas no inverno d'ese sono
tépedo e mol que pol-o vran padeces,
cando deitado sobre o mar pareces
o cadavre d'un rei que xaz no trono
antre a luz de espectrales palideces.

Ti no inverno eres outro; xa non eres
o corpo inanimado d'un xigante
que no leito da iauga buligante,
aguanta, nos azús anoiteceres,
as risadas da lúa rexoubante.

Ti na furia invernal érgueste altivo,
ceibo xa do sopor do morno vran,
e axitando o teu lombo de titán
adiantas, fero monstro redivivo,
no rexo, adusto e temeroso chan.

Ollas pra alén, na escura lonxanía
onde se forma a tempestá furente,
estricaste, e baixando a dura frente,
c'os tremores da cólera bravía,
brincas no mar coma un líón doente.

Fundes n-él o fociño sanguíneo
que da ardentía no craror se esfuma,
e axigantadas pol-a mesta bruma,
e antre xordo balbor, do teu alento
xurden montanas de fervente escuma.

GONZALO LÓPEZ ABENTE



O MOMENTO



ACTUAL DA MÚSICA GALEGA



N-iste rexur-
dimento que ho-
xe tremana nosa
terra, e que ce-
da día ergue un
pouco mais a
sua voz innegá-
bel, a música
síntese soia, sin
que atope un ho-
me que de ela se
lembre. Refí-
rome - xa se

sabe - á creazón musical, á posíbel *música culta*; da outra, da nativa, teño falado abondo no que toca ao seu espallamento e interpretación.

Xa sei que non vai haber críticos onde non hai música pra criticar. O facer crítica da música feita ata hoxe en Galiza, sin outro fin que o xustifique, será sempre xogar aos críticos. En outros estadios da nosa cultura hai nenos que xogan a artistas ou a intelectuais - e non nenos pol-a idade - que chegan a creerse con talento de tanto ouvir aos seus amigos que xogan os críticos. O que de nós olle cara a música galega, somentes pode facelo de un xello, que é ollando a tempo un porvir, presente e pasado. Si se adica ao folklore, xa é outra cousa, e istas verbas, entón, non rezan con il. Mais quen pense nunha música culta, hoxe que a non hai, ten de facerse *predigador*, é decir, ten de facer *propaganda*, ten de erguer o espírito e a conciencia musicais dos galegos, ten de afinar nas almas a vontade de superazón. Quizáis sexa iste o momento mellor pra falar de música do porvir. Non hai ningunha escola que derribar, ningún prestixio que sexa rémora. As idelas espalladas hoxe, poden dar integramentes o froito arelado. A renacementa da i-alma de Galiza pode chegar sin dores nin loitas. ¿Non é iste un boñ momento, abofé?

Temos de voltar os ollos un pouco fora do momento presente si queremos ter unha idea do instante que estamos vivindo na nosa hestoria musical. Hai un síntoma que non debemos esquecer e que xurdíu fai bastantes anos.

Pondal, Curros Enríquez, Rosalía de Castro, e algúis outros, sintiron o irreprimíbel desexo de cantar. As verbas voaron baixo a lus milagreira do ceo galego. Foi unha leizón de armonía e de vontade. A nosa lingua encheuse de vida. O ar, de resoanzas. As almas - miniaturas do país - tamén adequeriron simpatías resoadoras. E de istas nasceu, istintivamente, o desexo de cantar *mais*, de levar a música en potencia das verbas mensuradas e rimadas á sua mais cumprida realización. Foi unha cisaltazón do espírito racial, unha afirmazón dos seus froitos líricos. Foi a arela de *expansión* de un arte limitado. Simplemente, un feito de abondo coñecido na hestoria da cultura universal. Uns cantos musicos sinxelos e vountosos, sintíronse obrigados a poñer en música os versos dos poetas mais nosos. Ise feito, no século XIX, non poiderá ser esquecido xa dos músicos galegos que veñan no futuro. Os cimentos, non, o vielro da nosa música moderna está xa aberto.

Mais non vaia a creerse isto que eu digo nun senso de loubanza pra a música que iles fixeron. A sua música, hoxe, cando o arte musical ten un caris cada día mais depuradamente intelectual e cando a sensibilidade afinase ao mesmo tempo que se adequiren mais firmes coñecimentos técnicos, a sua música non pode terse como modelo pra as xenerazóns seguintes - no qué se di *musical*.

A técnica por iles empregada redúcese, esquematizando un pouco, á armonía do do-mi-sol e sol-si-re. É técnica zarzueleira de unha triletra probeza de meios. En canto á melo-

día - si é galega, amañada - e á composición en xeneral, poden decirse fillas de un italianismo de almbre, de un italianismo de romanza napolitana que fainos sentir ben axiña a presa de ir beber unha boa cunca da auga gorentosa do noso folklóre. E non é que en tales cancións non haxa temas populares. Precisamente, o meirande pecado de ises compositores - mellor, un dos dous meirandes - é a falencia de respecto pra a nosa fresca música nativa. Algunhas cántigas por iles empregadas amurcháronse de tal xeito que hoxe cásique non nos estreveríamos a armoñizalas de novo. É o medo a armoñizar un tópico. (O outro pecado, tamén de falencia de respecto, mais perdoábel por ser un movemento *instintivo*, foi descontras as verbas sagras dos nosos poetas. ¿Podían os músicos ofrecerlles entón unha técnica dina da súa poesía?) Os músicos que tivemos non poden ser, pois, os nosos mestres. Tomalos n-ise senso sería afogar o embrión da música que ten de vir.

Tan preciso é afirmar isto como amosstrar o seu aspeito de intento nobre cara un arte novo. Si hoxe as cancións de Chané, Montes, Veiga, etc. non poden resistir un análisis como música culta, sendo o seu único arrecendo o da música teatral da época, danos, en troques, a entusiasta lección de un *querer algo*, de que tan fallos estamos hoxe.

Por qué non abrangueron as súas obras a caste de eternidade, é cousa que arastora parécenos nidia de abondo. No arte é preciso erguer moito a puntería pra que a frecha trema no branco. Todo canto coidado teñamos de afiar, o *métier*, de ollar i escudrumar os mais outos exemplos, todo será pouco. A creazón artística require iso, e moito mais. Xan Cocteau di en algures: «Les Muses sont des personnes habituées aux égards. Manquez-leur et vous verrez comment elles se vengent.» Onde Cocteau di musas digo eu creazón. E a venganza consiste en envolver ao autor nun manto de insignificanza que leva consigo o esquecemento fatal. Mais, pra gardar consideracións ás musas, requírese un espírito fino e unha conta de circía. Fal falla - e iste é o segredo - a vountade de superazón. Os músicos mentados, cheos de boa fe tanto como de miopía, non sintiron nas súas almas ise formento milagreiro. Cantaron como polderon, e ficaram tran-

quios. Tal atitude pode vir somentes de dúas causas: que iles non enxergueran a trascendencia da súa escepcional posición - humildade ou incosceza - ou que, enxerguendoa, coidaran intanxibel a súa labouira - orgullo e incosceza absoluta - Si viran con caridade o seu rol de *precursores*, traballarían mais, e serialles porveitoso o exemplo de Schubert refacendo o estudo da técnica nos derradelos anos da súa vida fecunda. Mais a inqueda da vountade de superazón - de auto-superazón - foi pra iles cousa íñota. Con ela houberan chegado ao punto perciso pra afundar hoxe a liña da música do porvir. Ficarón mais lonxe, e por iso háchanse duplicadas as dificultades de produción musical nos días que corren. Estamos agardando aos homes que intenten o chouto sobor dise abismo - os mozos - ou os que constrúan a ponte que o salve - os vellos que ollan pra diante. - Non sei cando van chegar. Eu ben quixera que fora axiña, mais non hai sintoma algún que os anuncie.

¿Qué ten de facerse o día que xurda algún músico? Si é un xenlo, deixalo que avance ata o lonxe que sexa. Mais non matinemos o extraordinario; chéganos con falar das cousas mais posíbeles. O home que vaia facer música galega atoparase, si non ten miopía, a encrucillada do lereiro que di: A TODA AS PARTES - que é como si dixera a ningures - Pra ir á terra prometida ten que voltar os ollos como nós fixemos antes, á música que lle precede inmediatamente, que non é outra que a de Veiga, a de Montes, a de Chané, a de Baldomir, e de eles somentes ás cancións. Entón atoparase con que isas músicas non encheron a súa misión por escasezade de criterio e de técnica, e que pra proseguir hoxe o desenrolo da nosa hestoria musical, terá il que, en pouco tempo, comprimir a labouira dos anos que andive mos desende a nacemento de aquelas músicas e que fuxiron pra nós valeiros de froitos musicais. E isa labouira ¿cál ten de ser?

Non pode ser outra que o proseguimento do desenrolo da canción. É a única cras de música que, como vemos, ten antecedentes entre nós. Ademais, parece eisixila o ambiente galego de hoxe, ca súa limitazón musical, que pol-o intre non pode ler orquestas, e co seu espírito *cantante* que pide a cotío callar nunha pérola lírica. A súa economía de melos, soio

comparábel á das pezas pra piano, endemais ser un dos artes mais puros, e escelsos, é, emporiso, un dos mais *humáns*, pode levarnos, pasada tras pasada, ata a orquestra e ata o teatro: non hai mais que deixala camiñar. As cousas pra piano solo, pol-o seu xacer íntimo, non obran sobor do público do xeito de unha canción. As de orquestra requiren moitas cousas que hoxe non temos. No teatro aínda non se pode pensar. Namentras que a canción, levada ao comén pol-o camiño *popularista* conta xa con órganos de espallamento como son os orfeós, que poden erguela a un outo esplendor.

O desenrolo da canción non pode ser outro que o tratamento, pimeiramente, das cancións populares por meios simples e respetosos. Si Montes ou Baldomir abrangueran mellor a caste da música nativa, aforrariámos iste estadio. Anque lles non houberan chegado ao punto preciso, teríamos cando menos iniciado o viello. Mais eiquí hai que voltar as olladas a exemplos eistranxeiros. Un bon modelo de tratamento das melodías populares é o do andaluz Manoel de Falla. Outro o do francés Mauricio Ravel. Iste chega a armoñizar cancións gregas ou hebreas co mesmo outo senso *musical*, e sin perder nin goto do espírito popular, que si foran francesas. É por isto que coído que o músico que na nosa terra queira facer unha laboura semellante, ten que estudar fundamentes o folklore galego pra abranguer o impenlizo da música nativa, cousa quizais menos doada do que moitos coidaron. O xacer da música popular é tan traballoso de ispir como o da nosa paisaxe. Cando imos interpretar unha ou outro, o tóxico estános axexando. E pra ceibarse de il todo movemento será perdoábel. Isto é o que han ter ben presente os que vaian armoñizar as cancións da nosa terra.

Dempois, virán as mais persoais, nas que todo estea acogulado do espírito racial, mais nas que xe o autor di cousas propias. Xa se ve que o paso da anterior música a ista é insensíbel si se asimila ben o espírito folklórico. É a penetrazón, pouquiño a pouco, da personalidade do músico na individualidade da música nativa. É un fenómeno de ósmosis: algo que, traballando encol do folklore, chega fatalmente.

E por último, virá o verdadeiro tipo do *lied*, talmentes como se cultivaba nas mais avanzadas rexións do mundo musical. Do segundo estadio e mais de iste derradeiro, pode chegarse directamente ao teatro.

(Unha adevrentenza. Non se tomen as dúas pimeiras castes como *nazonalismo* musical. A moitos pareceralles moi lóxico que a música consistente en alalás ou muñeiras forme un *nazonalismo*. Pode ser. Mais non vaia creerse que o nazonalismo *necesariamente* ha formarse *d'après* as muñeiras e os alalás. Fai cáseque un ano chamaba eu xa a atenzón encol de isto, e dempois tiven ocasión de confirmalo con verbas alleas. Anque moitos téñano por paradóxico, direi que pode haber un nazonalismo forie alonxado do folklore. Exemplos: o francés, o alemán. N-iles está vivo o espírito racial anque non aporveitan melodías nativas. O nazonalismo ten de nacer cando haxa feita unha abondosa laboura, cando haxa músicos considerábeles. Il é o que consagra a música de moitos anos de unha nación. Non se abrangue porque uns cantos homes digan imos facer música nazonalista, e póñanse a compor obras inspiradas en melodías do pobo. Farán, si, música nazonalista, mais é outra cousa que nazonalismo musical. Iste nace sementes da coincidencia de arelas e de procedementos eispresivos dos músicos nacionais *xa feitos*, e de cousa tan vagorosa como é a personalidade racial. O outro é, en resume, facer música *popularista*, como a fixeron os precursores da actual escola rusa; e que é a que coído que ten de facerse eiquí en Galiza antes de malinare vós mais afoutos.)

Recollendo a tradizón musical niste mesmo momento, queda asegurado o porvir musical de Galiza. E isto é de abondo doado, tendo unha técnica de hoxe e un criterio enxebre dos finos artísticos. É de esperar que os mozos queiran poñerse axiña ao paso do resto do mundo. Si isto arelan, o chouto a que aludin antes é inevitábel. Si se vai mais engordado poden aforrarse as acrobacias. Son dous vieiros a seguir, dos que cada un pode escoller o que sinta mais atraente. Mais, namentras non se faga algún de lles, non falemos de outras castes de música galega. Sería moito *futurismo*.

JESUS BAL

A ESPIRITADA DE MOE- CHE E O POSESO ANTÓN RAMILO

FRAGMENTO DA CONFERENCIA TITULADA

SUPERSTICIÓN, SUXESTIÓN E MEICIÑA

DADA NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS EN FEBREIRO PASADO



Damesma maneira que o componente material da nosa personalidade é sometido ás aicións do seu ambiente i-en parte é produto d'elas, o factor psíquico da mesma está sometido

ás do seu, i-en parte por elas moldeado. Estas aicións non son, dende logo, específicas, pois inda que altúen con independencia, non o fan sómente sóbor un dos dous elementos sinón que directa ou indirectamente, teñen a súa influencia sóbor de ambos, mandando de cotío estímulos i-escitacións de mais ou menos intensidade e cantidade que determinan tales ou cales reaccións, motoras ou inhibitoras. Asíanse e combínanse da maneira que conveña aos seus fins i-efectos.

Deixando aparte todo o que d'elo pode surxir, ouxeto do que sigue é unha das varias formas e manifestacións da *aición persoal*. - A aición de suxerir na mente d-un individuo determinadas representacións sóbor das que non pode ou sabe influir e que exterioriza i-efectúa d-unha maneira mais ou menos automática, sin apreciálas nin valoralas, chámase *suxestión*. Por meio d'ela pódese introducir na esfera do que Grasset chama psiquismo inferior ou poligonal d-un suxeto, determinadas impresións que logo exterioriza. Xa en estado

normal todos somos mais ou menos susceptibles d-un certo grado de suxestión, como mais adiante observárase, sin deixar de facer notar agora, a este propósito, os feitos da oratoria elocvente sóbor do auditorio; os da lectura de obras literarias no ánimo e hasta no carácter dos seus lectores, etc., pero enténdase que nestas citas non queremos referirnos aos casos nos que pode haber ou haxa convencimento, cousa moi distinta da suxestión. Pero en determinadas circunstancias e movendo certos *resortes*, pódense provocar verdadeiros estados especiais de suxestibilidade: tales son principalmente a hipnosis e o amor. As analogías (algunhas das cales son abstractas) e diferencias entre ambos estados, fanse notorias respecto a: 1.º A predisposición a eles. 2.º Os caracteres psíquico-orgánicos. 3.º Os meios de procuralos. - Con respecto á predisposición individual, para ser vítima de tales fenómenos, non obsérvanse diferencias notables entre ambos, inda que en cada un d'eles teñan distintos grados de intensidade. Uns son facilmente hipnotizables, ao paso que con outros non se logra absolutamente nada; uns enamóranse facilmente, n-outros apenas hai sedimentos de tal afección. I-estará demais observar que entre estes grados extremos existen infinidade de gradacións.

Pol-o que respeta aos caracteres psíquicos e orgánicos, respecto d'estes últimos, existen diferencias preceptibles. Mentras que no amor (excepto en varios casos que non son raros) non se aprecia xeneralmente signo algún, na

hipnosis hainos mais ou menos marcados, pero sempre preceptibles: sono, estado letáxico, cataléptico, etc.

Entre os caracteres psíquicos existen grados diferentes pol-o que respeta á disgregación suprapoligonal, que si ben existe en ambos estados de susceptibilidade, no amor nunca chega o centro superior a estar completamente anulado nin suplantado, como na hipnosis pode suceder nos grados mais avanzados. A memoria no amor pode non estar afeitada, mentras que na hipnosis decotío non hai recordo ao despertar, algunhas veces. A conciencia reflexa no amor sin estar anulada nin suplantada, pode estar sin embargo mais ou menos reducida á impotencia; pero na hipnosis a directa e a reflexa, poden ambas estar afeitadas en grados variables, pero especialmente a segunda xamais queda indemne, o que non pode dicirse da primeira. E por último; a vountade en ambos estados oscila entre os diversos grados de depresión.

No referente aos meios de provocar un ou outro dos dous estados, de suxestibilidade tamén existen diferencias notorias. A hipnosis provócase directa e voluntariamente, tanto mellor canto maior sea o consentimento e a predisposición a ela, empregando diversos procedementos (pases de mans, compresión dos glóbulos oculares, fixación da mirada, imanes, etcétera) mentras que no amor, o amar ou ser amado, deixar de amar ou de ser amado, son accións recíprocas ou non, pero do dominio directo da vountade.

Dicimos directo, porque indirectamente pódese infruír mais ou menos sobor do amor, análogamente ao que podemos infruír sobor do corazón, estómago, etc. empregando fármacos adecuados, verificando exercicios comenentes etc. Para elo é preciso saber provocalo i-unha vez conseguido esto, saber exercer despois a suxestión. D'esto último depende, como di Semöl-Alí na seguinte frase, ser nél felizes ou desgraçados: «É o amor unha trampa. Empuxa hacia ela a quen amas, pero gárdate de caer n-ela se non queres gustar o sufrimento do amor». ¿Cómo se pode provocar o fogo do amor? Primeiramente, como di o autor árabe citado, é preciso amar para que o amor veña a nosoutros. Pero ademais, é ne-

cesario saber o que se propón ou mais ben dito, a finalidade do amor.

Según Schopenhauer, é o amor á tendencia afectiva de aproximarse os dous sexos, de tal maneira seleccionados os individuos que do seu cruce resulte a descendencia mais perfeita posible. Para lograr esto a Natureza reviste o amor d'un carácter instintivo, o que exprica a comisión de verdadeiras foladas en tal estado. A función do amor é xuntar a cada dous individuos cujos caracteres transmisibles pol-a herda, favorezan a especie, ou pol-o menos non a dexeneren.

Agora ben; si supoñemos que os bos caracteres que se transmiten por herda, que son os esenciais estén reunidos con relación a un individuo por varios do sexo contrario, entre todos eles, triunfará o que mellores i-en maior número reúna os acesorios, os cales son susceptibles de adquisición, e o que mellor coneza e mellor os seipa ordear ao seu fin tanto mellor e mais facilmente poderá exercer a suxestión no amor. Mais ainda, si sabemos cales son os elementos que alcenden o amor e ao mesmo tempo os que o mitigan, favorecendo aqueles i-evitando estes obteremos o máximo efecto útil.

Hasta agora scilo se ten feito mención dos estados de suxestibilidade provocados dende o exterior, por un individuo sóbor do outro. Para dar por terminado este boceto de ensaio, quedanos samente unhas verbas sóbor da auto suxestión. Denantes díxose que en estado normal somos, en maior ou menor grado, suxestionables e agora, sin traspasar os límites fisiolóxicos, pódense observar igualmente a susceptibilidades de ser autosuxestionados. Sin que estén rotas as comunicacións do polígono de Grasset co centro superior, pode surxir unha idea n-aquel que domiñe a este e ao mundo interior do suxeto. Naturalmente, este verificárase tanto mellor canto maior sexa a predisposición a elo eix, por debilidade das comunicacións entre o polígono e o seu centro superior ou por debilidade d'iste, etc., vindo despois determinados factores externos a obrar como causas ocasionales (traumas). En rigor, moitos d'estes fenómenos non son autosuxestivos, porque a súa determinación é debida a aqueles factores externos que obran d'unha maneira impresionante xa pol-a súa brusquedade e

aparición inusitada, ou ben pol-a súa impo-
nencia ou por ambas cousas reunidas. Por estes
diversos mecanismos exprícanse diversidade de
casos que tanto menudean nas clínicas médicas;
e así certos individuos crêñse afectados de diversas
doenzas en quen o examen obxectivo non acu-
sa o menor síntoma obxectivo, ou ben a conse-
cuencia de determinadas obsesións que poden
obrar exaltando ou deprimindo os ánimos,
cuxa normalidade tanta importancia ten no
mantemento do equilibrio, nutrición e defen-
sa orgánicos; unha vez rota aquela non é de
extrañar apareza un verdadeiro estado morbo-
so so-obxectivo. Os desexos e temores intensos
teñen unha acción ben manifesta n-estes fenó-
menos (embarazos imaxinarios, insensibilida-
de do mesmo cando é verdadeiro, etc.) Non é
menos marcado o papel que desempeñan o
egoísmo, o afán de celebridade, de inmortal-
dade, na xénese de apreciacións absurdas ou
falsas; erros, sandeces, ridiculeces, etc., deter-
minando nas vítimas a tendencia a encostas
inútiles ou ridículas, xestos de distinción, etcé-
tera; isto derradeiro pol-o que se refere ao
estado normal.

Diredes que todo isto é pura psicoloxía en
xogo coa Meliciña: sí, mais non esquecer que
d'estas liñas, e d'un estudo mais agudo, espá-
llanse consideracións non desprezables para
poder explicar sinalados fenómenos que aco-
necemos en moitos enfermos.

* *

Como dixemos, a suxestión xoga un vitalis-
mo papel nos múltiples aspectos da nosa vida
e non se pode deixar de recoñecer o seu valor
definitivo en certas supersticións: prolixo sería
numeralas n-este curto traballo, mais non po-
demos deixar de facer un lixeiro exame (pol-o
recente e movemento de aquela iniciado na
prensa, fai casi xustamente un ano) do caso
da «alumeada» de Moeche, pobíño preto da
departamental elbda do Ferrol. Se iste caso
ocurriuse nos tempos da Inquisición aló iríanse
os do Santo Tribunal a xuzgar como lles pa-
recese, pero Deus quixo que a Cencia arredá-
rase no posible das febras do escuro mantelo
con que os ministros da Relixión chegaron a
pór os seus ostáculos, e oxe exprícanse lóxica
e centificamente certos «casos» denantes tidos
como algo sobrenaturais.

Á doente topáronlle innúmeras estampas e
grabados con imaxes i-esceas relixiosas, va-
rios e framantes escapularios, crucifixos e
amuletos, etc. Como seguramente vos lembra-
redes, por boca da doente falaba o espírito de
un crego condenado a purgar leves faltas co-
metidas ao seu paso por esta vida terreal. Dé-
bese notar, tamén, que o espírito entrou no
corpo da doente, según propia manifestación
en ocasión de estar debuzada bebendo n-unha
fonte d-aqueles lugares e, facendo fuxir a dous
espíritos que se lle tiñan adiantado, conseguiu
apoderarse por completo do corpo da posesa.

Na «alumeada» de Moeche, e coincidindo
n-esto co culto Dr. García Ramos, lemos de
non ver outra cousa que un caso mais ou me-
nos interesante de histerismo, no cal xoga un
importantísimo papel a suxestión, n-este caso
baixo a forma relixiosa, e tamén poderán sina-
larse, como veremos, reliquias do chamado
«libido reprimido» pol-o mestre Freud.

A doente leva tempo no leito, debido á pa-
rálisis dos seus membros inferiores, recoñen-
do verosimilmente esta parálisis un orixe histé-
rico; sinalemos atentamente que di con toda
inxenuidade, «sentir deseios de se casar»,
(*probables reliquias da libido refrenada*) pois
o merece por afable e facendosa, cousa que
nós non podemos negarlle dende este lugar.

Examinemos lixeiramente algunha d'estas
manifestacións. O ingreso do espírito no corpo
da doente durante a acción de beber é unha
crénza xa de antigo moi arraigada nas nosas
xentes: milleiros de casos cítanse por esas al-
deas, onde tanta veracidade dan a esas cousas.

Agora ben: según Claude, total-as nosas
adquisicións van a parar ao plano da subcons-
cencia: dito plano serve como almacén de
perceicións, asociacións de ideas, etc.: d-ela
parten os nosos actos chamados automáticos.
A concencia, pol-o tanto, non é mais que a do
momento. A subconscencia é a do pasado e a
previsión do porvir; normalmente, o control da
primeira sobor da segunda é considerable, pero
sabemos que diminúe nos momentos de dis-
tracción.

Imaxinemos que ese control desaparece e
ollaremos que unha idea falsa ocupará un lu-
gar importante na subconscencia i-esta idea
realizárase automaticamente. Sexa por exem-

plo, a idea da parálisis d-un membro: ¿actuará como inhibidora sobor dos centros de dito membro? Non, sinón n-unha *vontade de inconsciente* de non mover dito membro. O histerico (e como de histerismo examinamos agora un caso) non quere mover o seu membro, pero non sabe que non-o quere: é enganador i-enganado, vítima do engano de si mesmo. Pois ben, todo este mecanismo eiqui exposto non é mais que o proceso que coñecemos baixo a denominación de suxestión, tomada n-unha das súas múltiples manifestacións.

Para Babinsky, na histeria a suxestión é o todo, contra cúa afirmación érguense autores como Raymond, Dejerine, Janet e Bernheim, que traen ao campo o papel da emoción, mais non é do caso o dilucidar estes pareceres, si somos donos de facelo, e somentes fixámonos no seguinte resultado dado que pol-a nosa parte varias veces os temos observado: a parálisis da doente de Moeche exprícase mediante a suxestión, máis actuando n-unha histerica, estado morboso no cal son moi frecuentes estas manifestacións.

Dinos o Dr. García Ramos que non foi capaz de facer incurrir en contradicións á doente, na conversa con ela sostida, inda que puxo todol-os medios ao seu alcance; a este damos nós a explicación, cos autores da escola francesa, dicindo que elo é debido a que n-este caso existe alucinación llexítima, de modo tal que o seu automatismo non deu a sensación dubidosa de outra personalidade.

Temos sinalado, inda que lixeiramente, o factor sexual, ao falar das manifestacións feitas pol-a doente; en efecto, os traballos da escola de Freud, pónenos de releve a importancia que sinala o factor sexual no desenrolo normal dos procesos psíquicos, máis tratándose do sexo feminino e, en traballos moi recentes que indican a literatura médica, volve a porse con mais afínco este factor no xogo d-un gran número de procesos morbosos. Casi sempre estes síntomas radican en mulleres que contan dos 20 a 35 anos, as cuales non satisfíxeron os desexos propios do seu sexo ou verificárono d-unha maneira incompreta. Esta continencia é común nas mozas: a súa sensualidade é moitas veces «frita» estando comprimida ou desviada pol-a parte afectiva: as emocións d-esta sensualidade son

relegadas ao plano subconsciente e logo rexurden formando parte do cúmulo neuropático.

Adíquense ou non aos estudos da Meicifia, ou simplemente da piscosexualidade, de todos é coñecido o valor decisivo que pode alcanzar en certas mulleres o pulo sexual. A literatura que sobor d-este lugar podemos examinar é extensísima, tanto na profesional como na netamente literaria, deixando aquela a unha parte por ser d-abondo centífica para estes momentos, somentes lembraremos «A dama das Camélias» de Dumas, cúa historia clínica debémola ao distinto e sabio mestre d-esta escola médica Dr. Xil Casares.

Margarida, dimpois d-unha cea cos invitados, ten tos e sangue (non esquecamos qu'estaba física) e na seu ben atópá casi esmorecida o seu amante, e ao pouco tempo esta muller fala d-un amor sensual e trata de buscar satisfaccións carais que, ao parecer endexamais sentira. Non ollades n-estes libidinosos desexos un síntoma morboso?

Sinalanos, tamén, dito autor a diferenza existente entre a Margarida de Dumas e a Sapho de Daudet. Sapho, alabazada, entrégase gustosa ao seu amante no leito inda quente que o outro amante - o ex-presidario - viña de deixar.

Margarida, tosendo, acorándose, foi un día a pregar compasión ao seu amante e fíxolle o sacrificio do seu corpo que xa non sentia pulos sexuais. En Sapho, a lascivia é condición natural, craro é, baixo o predominio funcional de glándulas enriba numeradas, i-en Margarida ¿somentes constitúe unha sinal da sua fisis, como pretende o Dr. Xil? Para nós, ambas mulleres caen dentro da mesma acción, pois os recentes traballos da Endocrinoloxía, sinalanos de maneira farto sobrada a igualdade de ambos procesos, coa salvedade da presenza da tuberculosis na «Dama das Camélias».

O síndrome de Block torna a xogar o seu papel importante n-este asunto, e na doente de Moeche serían moi d-estimar certas apreciacións non ben determinadas n-este terreo; por demais o factor sexual tomou parte activa n-este caso. Respeto a él ¿que nos fica por dicir? Somentes dúas verbas. Que estos síntomas cedan ante un tratamento eficaz, e que o gran número de viciños concurrentes a presenciaren

a novidade indicanos inda o moito arraigadas que certas crênzas alópanse nos nosos paisanos.

No xornal ourensán titulado «Católico» do 18 de Setembro de 1840, cítase outro «pose-so»: Trátase do mozo de trinta e un anos Antón Ramilo, «energúmeno real e verdadeiro na eirexa parroquial do San Estebo de Larín, arzobispado de Santi-Yago».

Unha vegada lida a narración d'este caso, o primeiro que ven ao noso pensamento é a crênzade que nel non existe somellante «energúmeno» e si parécenos tratarse d'un «intermediario» dos ministros da Eirexa, para erguer a fé dos seus feigreses, un tanto amainada por aqueles tempos, a decir de dito xornal. Mais teñamos en conta que eisi mesmo amóstranos as firmes crênzas dos nosos paisanos: ocorreu este feito fai oitenta e seis anos e «centeaes e inda milleiros de persoas das dúas parroquias de Larín e Leston e de todol-os seus arredores e inda as lonxanas, fitaron este caso extraordinario etc. etc... e convencéronse de que o Antón Ramilo estaba verdadeiramente endiañado».

«Endexamais notouse — continua o articulista a mais pequena liorta dentro nin fora da Eirexa, estando n-ela coa meirande compostura e silencio, e saíndo coa mesma, e cheos d-un relixioso medo qu'eles mesmos empregaban comparándoo cos efectos da Misión mais devota, a que preferían a existencia de tan maravilleiro espectáculo, que nin eles nin os seus superiores endexamais fitaran. Por camiños, casas e lugares non sabían falar d-outra cousa que do ollado i-escoitado na Eirexa de Larín. O que esto escreve é testigo das bágoas que viu derramar ao soílo lembrar e referir algú pasaxes do que tiña ollado na citada Eirexa.

Soméllame, e participaredes da miña crênzade, si tedes ocasión e paciencia para leer todo o relato, que este «caso» non necesita comentarios, pois salta á vista o lugar en que colocábanse quenes en troques de levar a verdade coa súa santa misión, inculcaban certas crênzade que somentes tiñan a virtude d'escurecer mais e mais a ignorancia das probes xentes campesiñas.

Fai pouco tempo, e d'un distinto mestre d'esta Facultade médica, tivemos ocasión d'escoitar o relato de outra «ceremonia», (inda moi frecuente pol-os nosos campos) na cal un cre-

go botaba a benzón a un can que facía sómentes unhas horas tiña mordido a un rapaz que, resinado e tremendo, tamén aturaba a choiva de aquel fermoso fármaco tan poderoso e capaz de deixar sin efecto o virus rábico, inoculado momentos antes nas dúas extremidades inferiores. ¡A cultura moitas veces acrecenta a ignorancia en troques de combatila!

Afortunadamente, nestes derradeiros tempos, as autoridades eclesásticas tomaron as súas determinacións para combatir estes abusos, e o emprego dos exorcismos vai decaendo e queda moi reducido en contados santuarios da Galiza.

Casos como os anteriores nol-os citan Binet na súa obra *Les alterations de la personnalité*: outro citado por Azan, de Burdeos no ano de 1843, e o Dr. Dufoy, moi curioso e no cal a personalidade revelada na doente é superior á primitiva e logra suplantala definitivamente.

Si o home ten de cumprir coa natureza, perseguirá perfeccionar todo aquilo qu'esté ao seu alcance, buscando entre outras a clave dos múltiples actos fenomenales cula expricanza lle está vedada na actualidade. O seu destino, como tramado pol-a súa propia organización, está formado xa dende os seus ascendentes, constituíndo a «vountade de vivir» que menciona Schopenhauer: tomará parte activa na Vida, procurando desbotar do seu carón «o medo a vivir» que de tan maxistral maneira nos pinta entre outros autores Enrique Bordeaux: loitará non escudado baixo o papel do crítico, non: eso non é vivir, dixo Roosevelt. A verdadeira leita está no campo de batalla: aportará coa súa continua investigación a maior claridade posible para descifrar a eterna «tolura da dúbida» dos alemás, e como produto d'este labor temos a seguraza que nun mañán darase a expricación científica a innúmeros fenómenos hoxe inescribibles, e marcarase a presenza de outros que na actualidade non chegamos a acadar.

Asegún Spencer, o obxecto da vida é a tendencia á existencia tan completa e longa como sexa posible; si, pero ao mesmo tempo, arelando a máxima perfeición, i-esta terá de ser completa cando coñezamos as mutabilidades das partes material e psíquica.

Diremos con Abramowsky que a nesa existencia oscila entre dous polos: d'unha parte o meio físico e o ambiente social, ambos coñeci-

dos ao menos na súa meirande parte: no outro pol-o complicado engranaxe das forzas espirituais, ate oxe descoñecidas e que nos deixan entreollar os atuais estudos de metapsíquica.

Todas elas forman, como di Hermann Keiserling, un mundo sobrepersoal, colocado moi por riba do noso estado actual das ciencias investigadoras: é o temor ao descoñecido, o coñecemento da dór condénanos á eterna demanda do que pasará no alén d'esa transición que chamamos morte. Co Abade do *Manfredo* de Byron nós interrogaremos de novo pol-os arcanos iñorados que como infranqueables barreiras ergúense ante nós.

Mais a cultura non se detén: a idea de onte é corrixida pol-a de oxe. Hai vida no campo da intelectualidade, e d'ela agardamos moitos e

oitimos froitos. A interpretación das supersticións, tomadas por moitos como meras crénzas, teñen xa a súa aparente explicación nos crecentes estudos dos fenómenos metapsíquicos: mais pol-o d'agora non se deu d-eles unha razón que satisfaga ás hipóteses reinantes nos campos analíticos das ciencias experimentais.

O profesor Freud coas súas teorías sexualistas, e baixo a luminosidade da Psicoloxía contemporánea, fainos voltar ás antigas teorías da natureza uterina sobor da historia. Isto sinalanos que non todo é falsidade nas ideas que os pobos arrastran a través dos séculos, e que hai moito por deslindar para a Meicña nos campos das ideas populares.

URBANO I OSADA MARTÍNEZ

A EDADE DO FERRO NA GALIZA

Pero mais craro que no numisma de Carisio, alcóntras'o casco galaico-lusitano na diadema de Ribadeo (fig. 40). Os infantes e ginetes n-e-la representados, levan ben ergueitas en col da cabeza, tres plumas, indubabre remate d'aquela defensa, cuia forma non se pod'enxergar por causa da mudeza e gelito esquemático do grabado.

Pra comprender esta información, mencionaremos a estatua do guerreiro de Capeludos, que presenta na cabeza un abultamento que dada a rudeza da escultura, o mesmo pode figurar os cabelos, qu'un helmo liso e semellante ó alcontrado en Castela pol-o Marqués de Cerralbo (fig. 41). (1)

As ócreas. - Santos Rocha, (2) supuxo, mais sen afirmalo resoltamente, si serían cecaís restos d'algunha d'elas certas follas metálicas qu'apareceron en Santa Olaya, mais é moi posívele que fues ócreas non fosen metálicas e que Strabon se referise sinxelamente ó nomealas, a polainas de lá imitantes, ás qu'eran usadas pol-os celiberos.

As redes de nervos. - Podes'aventural-a hipótese de que serían escudos de cortiza ou bimbios, semellantes ós que levaban os Aduaticu, según testemoyo de Cesar. (3)

As espadas. - Paseniñamente, as nosas estaciós protohistóricas, van proporcionado armas d'esta clás. No *Museo Español de Antigüedades*, y-anos mais tarde no *Boletín de Comisión de Monumentos de Orense*, estudou Villaamil e Castro dúas espadas atopadas por el perto de Mondoñedo. No tomo IX do *Boletín* da Academia Gallega deu conta Maciñeira d'un novo puño aparecido en terras ortigueiras, e n-estes derradeiros anos sinalous'a descuberta de tres eixempres achados, o primeiro no monte Santa Tecla, y-os outros dous na cidade de San Ciprián das Láas.

Todas estas espadas, derivadas, coma já se di n-outro capítulo, de formas características do segundo período hallstático, podens'ajuntar en tres grupos:

A) Espada curta d'antenas semicirculares, rematadas por conos truncados, co-a folla enteira, mangada no puño por un espigo, que se amarra c'un botón. (Pertencen a iste tipo o puño de bronce con restos de folla de ferro d'Ortigueira (fig. 42) e cecaís tamén o alcontrado no Tecla que coñezo soilo pol-a descrición que d'il me fixo o meu culto amigo don Johan Domínguez Fontenla).

B) Espada d'antenas semicirculares, rematadas por conos truncados, co-a folla aburata na base por dúas foras semicirculares e mangada no puño por un espigo. (Colocase

(1) Ballesteros, Historia de España y su influencia en la Historia Universal, t. I.

(2) Op. cit.

(3) De Bello Gallico.

n-iste grupo o eixemprar singularisimo, tod'il de bronze e con riscos antr'as furas, do Castro da Coubueira (fig. 46); o que foi atopado en San Ciprián das Lás, que reproduce en ferro as formas do anterior (fig. 44) podendo cecais juntar a íles o puño aparecido perío de Mondoñedo (fig. 45).

C) Espada de geito aplanado, forjada sen separación do puño e da folla, e co-as antenas hourizontás, rematadas por cilindriños alongados (fig. 46, San Ciprián das Lás).

chega incurso a invadir-a folla no eixemprar do castro da Coubueira. Iste emprego serodio do bronze, reducido já no Hallstatt ós puños, podes, espricar ou por ter o dito eixemprar caraute litúrgico e sel-o ferro metal impuro e non doado pra cerimoniais religiosas, ou cecais pol-a abundancia de cobre y-estano na nosa terra.

Os puñás - Tense porfiado mais d'unha vez, si a arma que levan presa no cinto, as estatuas de guerreiros, é unh'espada ou un pu-




Fig. 36



Fig. 37



Fig. 38

Estas tres clases d'espadas son formas já evolucionadas e prop'as da cultura N dos Castros, podéndose considerar com'as mais antigas, as do grupo A), que son as que menos se difrencian dos prototipos hallstáticos, y-as do grupo C) com'as mais modernas, já que n-elas desaparece o geito semicircular das antenas y-o abultamento central do puño qu'aprousimas as outras a aqueles prototipos.

Outra cousa que choca nas nosas espadas, é a dura na sua frabricación do bronze, que

fiel. Realmente, a pouca longura das espadas hallstáticas e post-hallstáticas, fai difficile distinguilas, e mais en obras de tan cativo detalle, dos verdadeiros puñás. Así e todo, a circunstancia de non aparecer en ningunha das estatuas indicación das antenas que coraan os eixemprares coñecidos hastra hoxe d'espadas galegas, fai sospeitar si a arma n'elas figurada é un puñal de folla ancha co mango rematado por unha bola ou disco (estatua de San Ovidio do Fafe) e metida n-unha vaiña garnecida no

cabo por un ornamento semellante (estatuas de Cendufe e de Campos). (1)


Os gladios qu'acompañan ás cetras nas moedas de Segobriga e Carisio, non poden relacionarse coas armas indígenas, por seren asegún demostrou Leite de Vasconcellos reproducións de pugios romanos.

As lanzas de bronce. - A figura 47 reproduc unha punta de lanza encontrada no Castro do Picote, perto do Miranda do Douro. Anqu'o Sr. Albino Pereira, (2) o comentar iste achadego, manifesta que tal ouxelo e de cobre, debemos creer que sofreu un erro, ja qu'en nada s'asemella as lanzas do período eneolítico, asemellándose en troques, pol-a sua feitura a tipos de Bronce IV atopados en Galicia (deposi-

na figura 48. Pol-o seu xeito de pica parécese moito a algus remates de soliferrea, arma arrojadiza, que s'alcontra nas necropolis de Edade do Ferro de Castela e dos Pireneus, anqu'o feito de seren fabricada en bronce faga duvidar si pertencería a un dardo o a unha lanza.

No grupo S dos castros, e dadas as semellanzas dos seus utillages, podemos supor que tamen no N.o pau das lanzas iba garnecido na sua parte inferior por regatós da forma cónica, com'os que procedentes de Santa Olaya se representan na figura 49.

Os dardos. - N-unha moeda de Segobriga (fig. 38) e colocadas no meio da cetra aparecen duas lanzas. Algus guerreiros que na diadema de Ribadeo erguen n'outo os seus



to de Hio) e (3) tamén a outras armas análogas propias das civilizacións celtas (Traubing-Machiling, Bibractis) e do posthallstattico (outo Jalón Echaurri), por cuya causa, y anqu'as lanzas da diadema de Ribadeo rematan en puntas imitantes a de Picote, damola soilo-com'a información, pero sin incriuila decididamente na nosa cultura do ferro.

N-unha das laminas do estudo de Villaamil a que denantes aludimos ves'o ouxelo copiado

escudos redondos, asimesmo sosteñen duas lanzas na outra mau (fig. 40). Os Galos asegún Varron, Virgilio, Tito Livio e Claudiano, entraban no combate levando consigo duas armas arrojadizas, o *gaesum*, chamado así por César e Propertio. Serán *gaesum* as duas lanzas da moeda de Segobriga e da diadema de Ribadeo? A punta de bronce da colección Villaamil, da que denantes se falou e que tanto s'imita a certos cabos afilados de soliferrea, pertencería a unha d'aquelas armas? Anqu'a soliferrea non teñ'aparecido fora do circo do post-hallstattico peninsuar, terían razón Pollux y-Hesychius d'identificala co *gaesum*?

Habrá qu'agardar a que futuras descubertas respondan a estas preguntas, e limitémo-

(1) Na estatua de Campos e na qu'aparece máis crara a forma do puñal (ves. fig. 46 bis), presentaba arma de folla ancha e d'un tipo moi semellante a puñal dobre globular (ves. Bosch, Celtas, pag. 24). Cícalis esta anchura e non a longitude, sería pol-o que distingue Sónon as espadas dos puñais.

(2) Picote, Miranda do Douro. O Archeologo Português, VII, 84.

(3) Hugo Obermaier, Impresiones de un viaje prehistórico, op. cit.

nos a sinalar agora aquelas coincidencias que teñen así e todo na súa contra o texto de Strabon, que craramente fala non de dous, senon de moitos dardos.

As *cateias*. - Ó realizars'iste vrau unhas li-




Fig. 50

geiras espororaciós no recinto do Castromao, perto de Celanova, apareceu ós oitenta centímetros de fondura, y-en prena camada arqueológica de terra anegrazada, o oujeto que co seu grandor natural, vai reproducido na figura

50; na cal pod'ouservarse un burato central y-os extremos estreitos y-alongados que dan a tal oujeto a forma inconfundívele d'un dobre machado.

Mais, iste dobre machado, debe considerarse com'un útil de traballo, ou debemos ver n'il unh'arma de guerra? Si consideramol-o seu escaso grandor, lemonos qu'inerinar pol-a segunda suposición; e clasificalo antr'as armas arrojadizas coñecidas co nome de *cateias*, que son mencionadas por Virgilio, Servio e San Isidoro, qu'están representadas no cinto de Waisch, e que s'atopan d'abondo no N d'Italia (Ornabasso). (1)

Y-ainda tal suposición afánzase mais, si non fixamos en que na moeda de Carisio (fig. 39) de que tantas veces nos ocupamos, e culo reverso figura un trofeo feito cas armas dos povos vencidos nas guerras cántabras, alcóntas'a veira da cabeza con casco, un *bipenne* grabado con inteira claridade, que ven amosstrar qu'o dobre machado era usado na guerra pol-as tribus do N e do NW da Península y-engadir un elemento novo na nosa armería protohistórica.

Continuaráse

(1) Dechelette, Manuel, I, II.

ARCHIVO FILOLOXICO E ETNOGRAFICO DE GALIZA

CONTOS DE XASTRES

6. D'unha vara de pano, sete monteiras

Foi unha vegada un peisano ond'un xastre, e levoulle unha vara de pano pra que lle fixera unha monteira, e perguntoulle se chegaría o pano.

- Chega, señor, chega - respondeu o xastre - chega e aínda sobra.

- Pois logo, se sobra moito, él non podería quitar pra lle facer outra pr'o meu fillo?

- Podo, señor, podo, anque sean duas!

- Pois se chega pra outras duas amais da

miña, pódemas faguer... Lástima non saíran catro!

- Non, se Vosté quer, saír, saen.

- D'aquela, se cadra aínda daba pra cinco!

- E mais daba; e pra sete tamén.

- Pois fágame logo as sete.

Deixoulle o pano, e foise. Cand'as foi buscar, o xastre amostroulle cinco monteiras pequerrecas, postas unha en cada dedo da man, e outra dúas n-outros dous dedos da outra... O peisano comezou a layar e tirar dos pelos, e o xastre dixolle:

- Vosté non dixo si o pano daría pra cinco monteiras? Eu díxenlle que pra sete tamén, e veleiquí están as sete monteiras... Vosté non dixo com'habían ser...

7. O pagón

ISTE conto ven referido por Lamas Carvaxal no seu libro *Gallegada* a onde remitimos o leutor.

8. A silveira

IBA un xastre, ás altas horas da noite por unha congostira. Á noite era pecha coma boca de lobo, non se via nada, e o xastre iba un pouco temeroso, abrigado coa súa capa, guiándose sementes pol-o ben que coñecía o camiño do moito qu'o tiña andado.

Ó chegarse d'unha vez arrentes d'unha das paredes qu'abeiraban a congostira, prendéuse-lle a capa n-unhas silvas, e tivo que parar. O xastre pensou qu'era qu'o agarraban, e cheo de medo, primeiro calou, mais despois em-principiou a suplicar:

- Ay, señor, déixeme!... Déixeme marchar que son un probe xastre!

A silva seguía agarrando.

- Señor! Déixeme ir, que son un probiño!... Por Dios déixeme ir e non me faga mal... olle qu'eu non lle teño diñeiro ningún, nin cousa qu'o valla!... Sóltame, Señor, por amor de Dios, pol-a alma de quen teña no outro mundo!

A silva seguía agarrando. O xastre calaba un instante, e logo volvía a pregar e a layarse, sen s'estrever a rebullir, nin xiquera a dar volta á cabeza.

Asina pasou moito tempo, ata que por fin, emprincipiou a vir o día. Cando xa s'escomenzaba a albiscar algo, o xastre moi agustado, foi virando a cabeza pra trás e ollou por riba do hombreiro...

Ó ver qu'era un silva que lle prendera a capa, pillou as tesouras, e principiou a cortar nas varas da silveira, dicindo enrabachado:

- Si foras un home, igual che facía!

CONSIDERACIÓ EN COL DOS CONTOS DE XASTRES

NA literatura popular galega, pódese facer unha división importante cos contos de

xastres, coma cos contos d'abades, cos contos de bruxas, cos contos de ladrós e cos contos de lobos. Os xastres teñen eiquí moita literatura, e non sementes popular, mais tamén erudita. Son moitismos os contos de xastres que se contan na nosa Terra. Eiquí hemos ir publicando cantos temos recollidos, e cantos novos vaian chegando á nosa coñecencia.

Poidérase pensar qu'o tipo de xastre d'al-deia, qu'anda a coser pol-as casas, está chamado a desaparecer en breve tempo, suplantado se cadra, na vida moderna, pol-o comercio de roupas feitas e pol-o comercio de roupa vella. De certo que o comercio de roupas feitas, estéticamente abominábele, odioso, val-se espallando moito: non sementes hai nas cidades e vilas tendas, almacéns e frábricas, senon que se venden moito nas feiras. Tamén nas feiras medran os postos onde venden públicamente roupa vella, en compañía moitas voltas do calzado vello pra empeñas. Iste comercio, non sementes resulta depresivo pra xente da aldeia, e ruín dand'o punto de vista estético, senon que é un perigo pra saúde pública, pois esa roupa que se debiera queimar toda, véndese en todol-os casos sen desenfear. De feito, hai algúns lados ond'o xastre que cose pol-as casas, desapareceu ou escasea. Mais pol-o xeral, nas demais sigue vivindo e traballando com'outrora. E aínda ha tardar, posto que chegara a desaparecer.

O xastre d'aldeia intresa ó folk-lore e á etnografía moderna galega, non sementes pol-os temas que fornece, senon aínda com'axente trasmisor da literatura e do pensamento popular. Tanto ou mais qu'os cegos e os probes d'andar pol-as portas, son os xastres que van coser fora importantismos conservadores e transmisores de contos, lendas, refrás, cántigas e tradicións de toda caste. O seu oficio, que permite falar d'abondo namentras traballa, favorece ó xastre pra'o desempeño d'iste rol, d'alles ocasión d'escoltar, deprender e referir todas esas cousas.

Coma tipo folk-lórico xa dixemos qu'o atopamos non sementes na literatura anónima popular, senon tamén na erudita. Lembremos agora sementes, ademais de Lamas Carvaxal, os graciosos pasos que pon Picadillo no seu libro *Mi historia política* de dous irmaus xastres aproveitados en certas cousas, que

remataron pondo unha sorte de fábrica de corsés, ond'iban as mozas a probar na trasteira...

O xastre, no noso folk-lore, aparece mariquiteiro e medrán. Ten de coite algo de femenino, carante que l'prime o seu labor de tesoura e d'agulla. Son algo medio home e medio muller, e dásele moi pouco aprecio, pois xa temos mentado o dito de que *Sete xastres fan un home*, e din outros que aínda esto é *no ano do pan barato*, pois no do pan caro, o xastre perde mais das dúas terceiras partes do seu valor.

Si a vida do xastre d'aldeia é de traballador nómada, qu'anda moitas veces atravesado nos camiños - e a isto refírense varios contos, com'os números 4 e 8 dos at'agora publicados - o seu xeito de traballar é quedo e sedente: han estar sentados cosendo o mais do tempo. Por iso a xente pensa que lle medran moito as asentadeiras, e d'eiquí o dito de que cando un as téñ grandes, lle chamen *cá de xastre*.

Esto por unha banda; por outra beira, os xastres aparecen no folk-lore galego coma moi pillos e agudos, o mesmo nos ditos que nos feitos, dispostos sempre a faguer bulra da xente, a meterlle pegotas, a quedaren lles por riba pol-a forza do inxenio, mañosos e dispostos pra todo. Xa que non teñan forza pra turrar pol-a alxada, nin valentía pra lle faguer cara a un home, teñen en troques discurso e agudeza, coma compensación, se cadra. D'eles son as pilladas, as relesías, as copras pican-tes, etc.

Iremos vendo tado esto e moito mais.

V. R.

LEXIGRAFÍA

O GALEGO QUE SE NON FALA

Co-iste título, publica o ilustre académico don Manuel Amor Meilan un interesante traballo no *Boletín de la Real Academia Galega*. Fala da riqueza lexicográfica que se atopa nos documentos antigos, e de que deberan botar man os escritores. Dá a seguinte lista de verbas que dá como pertencentes ó galego que non se fala nin se escribe:

Adviento - Avento

Artículo - Artigo (a)
Ajuar - Asuar
Alcaldía - Alcaldaría
Bendito - Beito e Bieito (b)
Canónigo - Coengo (c)
Canongía - Coenxia
Codicilo - Codecillo
Celemín - Zaramín
Cisterna - Cistrena
Cuarterón)
Cuarta parte) Cuarteiro
Deán - Dayán (d)
Demesto - Deosto (e)
Doquler - Donquer
Exequias - Eisecas
Evangelio - Avaxeo (f)
Excepto - Exeuto (g)
Feligrés - Frixés
Filamento - Fimento
Firmeza - Firmidía
Guardián - Gordián
Homicidio - Biomecio
Instrumento - Ostremento
Interlineado - Outreliñado
Juzgador - Xulgador (h)
Legítimo - Lidimo
Maltines)
Matutinos) Madadinos
Monja - Fraira
Maldad - Malleitoría
Mesón - Meixón
Mercantilmente - Merchantemente
Monaguillo)
Acólito) Moaciño
Molestar - Enxecar
Misión - Mixón
Osadía - Ousío
Ocasión)
Oportunidad) Conxelo
Penitencial - Pedenzal
Peculio - Deconta
Parrillas - Grenllas
Parroquial - Parrochán
Pergamino - Pergameo (i)
Pegujal - Pegular
Predicador - Pregador
Póstumo - Pústumo
Personero)
Procurador) Pesoeiro
Plato hondo - Salsoiro
Propincuo - Provinco

Promulgar - Emologar
Quinientos - Quinxentos
Querellante - Quereloso
Redentor - Remidor
Recurso (en derecho) - Socurso
Refectorio - Refortoiro
Revocar - Revogar.
Sellar - Aselar
Sótano - Sótón
Testigo de vista - Vildor
Título - Tíduo (k)
Vínculo - Vinco (l)
Yacer (en el lecho) - Xouver

Moltas d' estas verbas son ben coñecidas, por mais que sean arcaicas. Outras hai (*cistrena, zaramín, eisecas, gordián*, etc.), que somentes vëndoas repetidas moitas veces e en documentos difrentes se poden coller coma d'uso corrente pra empregalas hoxe, pois hai-se que guiar tamén do gusto.

Faremos as seguintes ouservaciós, pol-o orde das chamadas.

(a) Esta forma emprégase hoxe correntemente por cáxque todol-os escritores galegos no senso de *artículo*, traballo xornalisteco e tamén no de *artículo*, parte da oración. Igual en portugués na primeira acepción. O baixo latín *articulu* ten outro derivado galego: *artello*, que s'aplica ás articulaciós dos ósos.

(b) Emprégase tamén, anque caxque de cote coma nome propio (esp. *Benito*, do latín *Benedictus*). É d'onde ven o apelido *Bleites*, que s'escribe caxque sempre *Vleitez*. (Véxase: *Do caso que l'aconteceu ó Dr. Alveiros*, Cruña, 1919).

(c) Emprégase tamén adoito esta forma, e a tamén antiga *cónego*. Cfr. o nome da *Rúa da Conga (Canónica)* en Santiago.

(d) Corresponde co francés *doyen*, esp. *deán* e *decano*. Tamén a temos visto empregada modernamente.

(e, f) Témolos empregado nós mesmos, n'iste mesmo boletín e n'outros lados, a segunda na forma *Evanxeo*.

(g) Hai outra forma antiga: *Exente*, mais gustosa, que tamén se ten empregado. As mais das veces ponse os equivalentes: *agás, quitando, menos, non sendo*, etc., que son as do falar cotián.

(h) Ó menos a forma *xulgar*, é corrente vela escrita.

(i) Témolos empregado nós mesmos moitas vegadas. Ponse tamén *Pergameo*.

(j) *Persoeiro*. Cfr. o port. *Pessoa*. *Persoelro* empregouse que seipamos a primeira vez nos nosos días, no *Manifesto da Asambreia Nacionalista de Lugo*, outono, 1918, proposta por Ramón Cabanillas, en lugar da representante, Dend'aquela enprégase cada día.

(k) Na forma *tíduo* emprégana os que traballan todol-os días no Seminario d'Estudos Galegos. Véxase a *Nota bibliográfica* de Ramón Martínez López, publicada no noso número anterior.

(l) *Vínculo* ten outros dous derivados galegos que s'impregan moito polo esp. *vínculo*: *vencello* e *vincallo*, sobre todo o primeiro. O segundo propono preferentemente o noso colaborador A. Coucelro Freixomil, que manexa moitos documentos antigos e coñece ben o galego vivo. Calquera das dúas está ben, sen que *vinco* sea tampouco pra desbotar.

Pol-o derradeiro, faremos outra ouservación tocantes á verba *Refortoiro*. Moitas veces temos empregado as terminaciós *oiro*, *airo*; *eiro*, asegún a enxebre usanza antiga, en lugar das cultas *orio*, *ario*, *erio*, usanza que quixéramos fora xeral. D'iste xeito, temos escrito *mistelro*, coma s'olla por eixemplo, antr'outros, na versión galega do *Celestino*, en lugar do *misterio*, coma se fai *vigalro (vicario)*, etc.

Non quixemos eiquí dar mais que unhas notas feitas a présa e correndo. Por fortuna, hai quen con mais coñecencia e autoridade pode adiantar n'iste tarreo e todo traballo de esta clás que se nos mande. Nós acolléramos con ledicia e publicáramos da millor vontade.

Asimesmo, todos habían agradecer ó señor Amor Meilán que seguira co'iste tema, ó que tan valedeltras aportaciós pode facer.

V. R.

Non deixe de mercar
COUSAS por CASTELAO
 Prezo CATRO pesetas

OS HOMES, OS FEITOS AS VERBAS

A UNIVERSIDADE ALEXANDRE MERCEREAU

ALEXANDRE Mercereau é un excelente escritor francés antr'os infinitos excelentes escritores con que conta e sempre contou a Francia, singularmente dand'o tempo do Romanticismo ata o día de hoxe, mais que ten a súa especialidade e aínda outros méritos de seu que non teñen os outros, coma son unha fame enciclopédica de saber, e ademais - coma noso amigo Philéas Lebesgue - unha atención intelixente virada ó que se fai fora de Francia, nos mais afastados recantos do mundo.

A nosa coñecencia con Alexandre Mercereau ven das edicións Povolozyky. Mercereau emprinciara en 1919 a traballar co-aquill editor, dando en francés antoloxías d'escriitores estranxeiros. Nos catálogos de Povolozyky viña anunciada unha de poetas catalás, e d'ali xurdiu a idea de facer unha de poetas galegos, pr'o que andiveron cartas entre Alexandre Mercereau, Philéas Lebesgue e o suscribente. Xa d'acordo en todo, a cousa morreu d'aquela pol-as culpas dos nosos poetas, que demoraron o envío dos seus libros e poemas orixinaís...

Mais dand'aquela non deixamos tan xiquera unha volta de recibirmol-o convile quincenal pr'as Conferencias de *Caméléon*, qu'Alexandre Mercereau xenfilmente nos mandaba.

Aquiles anuncios viñan sempre cheos de sorpresas. N-iles víase desenrolar a obra imensa d'Alexandre Mercereau, que non é que non teña chatas: cecais o escesivo universalismo, no orde xeográfico, no orde das materias e no das escolas, faga unha mesturaza un pouco *bizarre*, e mate un pouco o espírito de selección, d'escolleita; mais non por eso deixa de ser un emprendimento verdadeiramente grande e ademais útil.

O qu'il se propón é unha obra de cultura qu'escomence onda remata a Universidade oficial, qu'estude as ciencias qu'ela non estuda, que non recoñeza escusivismo de ningunha

clás, nin de partido, nin de tendenza, nin de raza, nin de relixión, nin de tempo. Atal é a *Universidade Alexandre Mercereau*, á que chegou despois de moitos traballos e de moitas intentonas: Sociedade Universal de Grandes Conferencias (con Paul Adam, Verhaeren, L. Tailhade, Rosny etc.) edicións de Eugène Figuière e de Povolozyky, Conferencias no Salón d'Outono, na Casa dos Estudantes, etc. etc. Por fin, no *Caméléon*, en 1922 chegan a acougar e dar cume a un bó esbozo do seu proleuto. Leva celebrado mais de 700 sesións, con éisilo que medra de día en día.

O programa semanal ven ser o seguinte: *Lús* - Nua nación estranxeira; conferencia seguida de cantos, música e danzas do país, exhibición de traxes e decorados do mesmo - *Terza feira* - Literatura francesa moderna - *Carta feira* - Concerto de música moderna - *Quinta feira* - As rexións de Francia (coma pr'as nacións estranxeiras) - *Sesta feira* - Ciencias exactas ou psíquicas, economía, socioloxía - *Sábado* - Seleccións diversas - *Domingo* - á mañá, concertos de música francesa moderna; ó serán, os humoristas, satíricos e panflelistas.

Ollemos agora somentes as que se levan feito no ano que corre e de que temos novas:

En Xaneiro: M. Jules Levy falando de *Maurice Rollinat*; V.-E. Michelet, de *Obra francesa e bretona de Adrian Carré*, presidindo o ilustre celtista Ch. Le Goffic; M. Henri Mangin en col de *Queromancia*; Muce R. de Rienzi en col do *Esperanto*; M. Henri Chassin en col do poeta *Germain Laucot*; M. Meny de Marangue en col de *Música árabe*; M. R. de Marmande sobr'un libro de Robert Pelleitier; sesión de ilusionismo e suxestión pol-o Prof. Nelia; M. Robert Pelleitier, segredario da liga Céltega, conferencia en col de *A continuidade da tradición celtiga en Francia*; Marc Leclerc, poeta do Anjou, en col do compositor anxevin David Bernard; o abogado M. Joseph Python en col do libro de Raymond de Rienzi *L'Aven-*

ture sur la route; A.-F. Herold en col do poeta Albert Saint-Paul; M. N. Jorga, da Academia Rumana, Sobr'o seu compatriano Eugène Boureau; o sonado esculcador oculista Henri Durbille en col do tema *Totankamon vengouse*; Tristán Derême sobr'o *Bachelier sans vergogne*; novela humorística d'Abert Morchon; M. P. Jacomet en col do Petrarca; M. L. Pierard do tema *Sensibilidade Valona*; M. Sylvaín Cahn da poesía alemana post-expresionista; sesión ilusionista d'Albertini de Roubaix; Pierre Dufay en col dos *Cantos populares do val do Loira*; M. Léo Poldés en col e en contra do Espiritismo, seguída d'unha porfiada controversia. Ademais houbo concertos de música italiana e de música francesa.

En Febreiro: M. J. Python en col das melodias de María Charbonnel; M. H.-L.-H. Kerney, delegado diplomático e consular da República Irlandesa, en col da súa terra; Henri Clerc en col do escritor Henry-Marx; Marcelle Gerar en col do tema *Porqué o canto é unha arte difficile*; a Duquesa de Clermont-Tonnerre en col do poeta e filósofo lituano O. W. de L. Milosz; o Dr. Jacques Lecourt, en col da filosofía comprobábele e do remozamento do organismo do home pol-a homo - hemoterapia, asegún o Dr. Helan Jaworsky; M. Jules Levy en col dos *Incoherentes*, pintores humoristas do século pasado; outra sesión ilusionista d'Albertini de Roubaix, e do Inaudi feminino, Mlle. Stéella Marthy; Marcel Nadaud e Maurice Pelletier sobr'as mortes misteriosas; M. André Delacour sobr'os *Grandes Poetas e Músecos* románticos e simbolistas; M. Fred. Saisset en col do poeta humorista Jo. Ginestou; sesións de música consagradas a Raymond Petit, á música sueca, a Constantín Gilles, etc.

En Marzal: M. Lucien Barquisseau en col da *Illa da Reunión*; Paul Vulliaud en col da *Kabbalah*; M. Jean Manegat en col da *Canción dendo século XVIII ata hoxe*; M. Jules Chopin, redactor da *Gazeta de Praga* en col de *Literatura checa*; Han Ryner sobr'as *doutrinas d'Epícuru*; Paul Bru sobre *Ronsard na Brie*; Mme Anne Osmot en col de *Physiognomonía*; M. Aimé Magnien en col do escritor *Georges Delaquys*; M. Haumant en col dos *Serbios na súa casa*; o Dr. Vignier negando a *Materiallización* nos fenómenos espiritistas; Mlle-Eliza-

beth Julia en col do poeta *André Dorchon*; Titayna, redactora de *L'Intransigeant* en col da vida de reportaxe; M. Georges Muchery sobr'as *maneiras d'adivíñal-o futuro*; M. P. Le Cour en col da *Atlántida*; M. Jean Manegat de *Os grandes rebeldes da Poesía*; M. Gabriel Delatre en col do abogado *Moro-Giafferi*; M. Louis Richard en col do dibuxante *Willette*; M. Georges Pioch en col do escritor *Matei-Rousseau*. Sesións musicais adicadas ó sueco Wachtmister, ó francés Etienne Roger, á canción popular vasca, ó ruso Aleixandre Tche-repnine, a J. P. Coulisson e M. Lamarre e a Marguerite Canal.

Co-esto podémonos decatar do esteso e do intenso da obra qu'emprende en París un dos mais ilustres antr'os leutores de NÓS.

Derradeiramente, en Xaneiro d'iste ano, em-principiou a publicar un pequeno e modesto boletín quincenal, rubrado co título de *París-Conferences*, no que da conta de total-as sesións da Universidade Aleixandre Mercereau, a mais libre, a mais popular, a mais cosmopolita, a mais aberta a total-as correntes, á expresión espiritual e enxebre de total-as ideais e do xenio de todol-os poetas do mundo.

Aleixandre Mercereau é merecente de gabanza e d'axuda.

V. R.

DE CATALUÑA

O movemento cultural catalán - que, com'in-dica J. C. no *Instituto* de Coímbra, servira de modelo á tan sonada obra pedagóxica do Dr. Vasconcellos, en México - non esmorece de ningún xeito. Unha das súas manifestacións de hoxe é, a carón da obra da *Institución Bernat Metge*, coñecida dos nosos leutores, a publicación chamada *Els nostres clàssics*, que xa leva publicado os tres primeiros volumes; *Lo Somni* de Bernat Metge, *Tirant lo Blanc* e as *Poesías* de Ramón Lull. A recadadiva ha ter tres series:

Serie A): Obras capitais d'escriitores catalás (Jaume I, Ramón Lull, Desedol, Arnau de Vilanova, Sant Pere Pasqual, Muntaner, Pere III, Eiximenis, Bernat Metge, Sant Vincens Ferrer, Turmeda, Isabel de Villena, Bernat Boades, Lordi de Sant Jordi, Ausias March, Jaume Roig, Rois de Corella e Anónimos.

Serie B) Antoloxías, Fabularios, Coleicións, Opúsculos, etc.

Serie C) Manuais de léngua e literatura catalana.

Os directores son: Ramón d'Alós, Pere Bohigas Balaguer, Josep M.^a de Casa cuberta, Lluís Nicolau d'Oliver e Marçal Olivar, e entre os colaboradores atópanse: Carles Riba, Ferran Soldevila, J. Sanchis Rivera, J. Massó i Torrents, S. Guinot, J. Rubió, J. M. Casas i Homs, A. Duran Sampere, J. M. Capdevila, J. Vives, J. Crexells, J. Rovira i Armengol, Rovira Virgili, R. d'Abadal, J. M. Girona, A. Matons, F. Martorell e F. Valls i Taberner.

S. N.

LIBROS

DOS ARQUIVOS DO
TRASNO, por RAFAEL
DIESTE, Vigo, 1926.

RAFael Dieste é un escritor novo, novo en anos e mais en tendencia, novo e mozo. Ten traballado xa moito, ten feito moita labor anónimo, moito traballo sen firma, principalmente en *El Pueblo Gallego* de Vigo, do que é redactor xefe, e no que ten tamén publicado outros siñados simplemente R. D., con pudor e con elegancia británica. Cecaís sea un dos poucos na nosa Terra que fosen capaces de manterse a vida íntima atrás de dúas siglas, com'o irlandés George Russell co seu A. E. Isto xa é unha distinción e un mérito que se pod'apuntar Rafael Dieste, anque teña outros moitos mais importantes, manifestos na súa obra anterior breve e espallada no *efimero quotidiano*, e d'un xeito ben agudo agora n-esta *plquette*, que val por un in-quarto groso a proporción, pol-o menos. Botar un libro así na de primeiras, equivale a saír do as de ouros, sendo trunfo.

Pois nos Arquivos do Trasnó, atopou o Dieste oito contos de punxente emoción, pertencentes a esa *literatura sintética* qu'entre nós iniciou o Castelao - o Dieste selca tamén é de pr'alá; isés homes da veiramar son o demo - d'esa que con poucas verbas esgarebela no corazón, e saca d'il unha chea de cousas ocultas. Agora non dirá Unamuno que nos falla ós galegos o *rexo pulo dramático*; veleiquí algo que non é lírico no senso cheo

da verba, por mais que haxa elquí o lirismo que ninguén, e menos un dos nosos, pode desbotar. Dramática, enxebremente dramática, é a emoción dos contos do Dieste, com'a de moitos do Castelao.

Eu non quixera saír, no apreio d'iste libro, da declaración estética, ou doutrina qu'o Dieste pon no *Limiar*, e que ceceis veña a sel-a teoría d'esa literatura sintética, qu'il se nos adiantou a formular. E se cadra, val tanto com'os contos, co-a distancia que sempre haberá entre o propósito e a obra feita, sobre todo canda a obra, com'elquí nos mais dos contos, está lograda, conseguida, realizada.

Ben. Outra cousa, pra qu'a obra do Dieste sea mais racial, ademais do lirismo inevitábele no que a pesares do dito, aparece elquí o drama - a esencia dramática - mergullado: o pensamento da morte qu'enche de cote a y-alma céltiga, elquí, en Bretaña, na Irlanda, o mesmo no folk-lore que na literatura erudita, e que leva ó Castelao ó macabrisimo.

E aínda tamén o misteiro, acochado atrás da mais cotlán e vulgar realidade. Todo esto soupo sentir Rafael Dieste coma poucos, e quen esas cousas sabe sentir, é quen ten pra nós dar.

V. R.

NA NOITE ESTRELECIDA, por
RAMÓN CABANILLAS, Mondariz-Balneario, 1926

OUTRA *plquette*, esta vez ben primorosa, do tipo das edicións *Lar* Biblioteca do Seminario d'Estudos Galegos, da qual é o terceiro volume. Con fermosas iniciás do Castelao, miúdas obras d'arte onde van desafiando os símbolos místicos da epopeia artúrica, e baixo a enseña do auténtico San Graal do Monte Cebreiro - o Graal visíbre ós ollos mortaes - emprentouse en Mondariz esta triloxia das Sagas do Poeta da Raza, con verdadeira concencia tipográfica.

E xa que d'isto falamos, fagamos notar que - n-estes dias de inusitada aitividade editorial na nosa Terra - estamos no tempo das *plquettes* - esta non podía, editorialmente, ser outra cousa - e gracias a Deus qu'imos pasando do tempo dos folletos, auque aínda haberá que publicar moitos. Tamén por ahí afóra están no tempo das *plquettes*, que viñeron atrás dos libros, pol-o qu'encareceron as edi-

ciós, e se Deus nono remedia, han chegar ós folletos. Eiquí, pol-a contra, e en boa hora vaia dito, imonos erguendo pouco e pouco do folleto ó libro, pasando pol-a *plquette*. O que é un adianto.

Iste do Cabanillas non podía ser outra cousa, pra ser un libro fermoso no senso editorial, e n-esto temos qu'apuntar tamén outro adianto: os libros galegos emprincipian a ter orixinalidade, e ademais, certa imitancia us cos outros, certo carate nacional. *Lar* leva feito algún esforzo n-iste senso.

Comentamol-o traballo do editor primeiro esto do poeta, porque hoxe compre darlle a qu'o prioridade.

Na noite estrelecida é o título das tres Sagas Céltigas nas qu'o gran Cabanillas enterpretou con visión de Bardo – non levaríamos moito traballo pr'atoparmol-os caracteres bárdicos enxebres na obra cabanillana – os pasos mais importantes da epopeia bretona, en puntos de místico entroncamento co que poidéramos chamar, cecais sen moita impropiedade, a tradición esotérica galega. O Cabanillas ten feito un estudo especial dos libros de Cabalerías, adornouse do seu espírito e adiviñou através d'lles o esoterismo celta. Levou moito tempo lendo e seguindo o fio das lendas galesas e armoricanas, pol-as literaturas adiante. E sacou estas sagas nórdicas, ond'a sua inspiración chega moitas veces ó profético. Ha chegar un tempo en qu'o aprecio que se faga d'elas sea infinitamente superior ó qu'il endexamais agardou e ó qu'ainda non sospeita ninguén.

As Sagas son tres: *A Espada Escalibor* hai pouco publicada en *Nós*, a pouco de rematada; *O Cabaleiro do Sant Grial*, que foi a que primeiro fixo, e que se publicou hai anos, primeiro en *A Nosa Terra*, logo no primeiro volume de *Alborada* de Pontevedra, e reproducida en *Terra* de Bós Aires, e n-outros lados, e ainda leída en público algunhas voltas; e *O Sono do Rei Astur*, inédita ainda, e derradeladamente composta. Os temas históricos son respectivamente: a elección d'Artur coma Rei, o viaxe de Galahez en demanda do Sant Grial, e o recolhimento d'Artur na cova onde dorme. Mais as tres forman unha unidade simbólica d'espranza e profecía, e marcan o fado da Raza e da Terra. Os que non teñan un entendemento místico, non poderán endexamais chegar ó

fondo d'istes poemas, mais non importa, porque han atopar n-lles o engado da sua grandeza e da sua beleza perfeita, e ainda tamén ensino d'abondo pra encher-o seu degaro.

A forma é d'alexandrinos pareados que xuntan á sabencia prosódica moderna – do tempo simbolista – unha sonoridade antiga chea d'evocación, ás veces con hemistiquios soltos en sorte de pé crebado, e misturados con romance ortosilabo, lembrando singularmente o de Don Galferos de Mor.naltán, e outros dos mais antigos antr'os nosos. O Cabanillas leva publicados varios romances históricos referentes a Doña Urraca e o seu tempo, que teñen o mesmo aire. Ninguén aproveitou tan ben coma il as matizadas sonoridades da nosa rica fonética. Rico tamén, e sabiamente escolleito, e ordeado con elegantísima precisión, é o léxico d'estas Sagas. O Cabanillas fai o que quer co-a nosa lénxoa; dalle estado d'eternidade.

V. R.

CANTIGAS DUM LUSIADA,
por EDUARDO SALGUEIRO,
Porto, 1924.

RECOLLEITA de cento duas cántigas de catro versos, na tradicional feitura popular d'aquén e d'alén Miño, que o autor, fino poeta emocionado, fiel tamén á inspiración tradicional lusitana do amor requintado, – que tan afinadamente, comentaba A. Sardinha, ó falar das sonadas *Cartas* atribuídas á freira Soror Mariana Alcoforado – divide en tres partes: *Do Amor, Para o Povo, Para as Múas de Portugal*. Moitas d'estas cántigas son desmintindo n-un senso irónico vellos ditos e refrás, con belidas imaxes, aínda o que lle sirveu de lema: «Quem canta seu mal espanta», sobr'o que volve repetidas veces ó longo do libro, sen que por tanto cantar seu mal, se vexa d'il celbe por fin. Canta, pois, iste bo poeta á maneira do pobo, e así o espresa:

Povo humilde, meu bom Mestre;
Quanto faço é para ti!
Os versos que tenho escrito,
– Só contigo os aprendi!...

V. R.

PALACIO DO CORAÇÃO,
por TITOLIVIO SANTOS MOTA,
Porto, 1923.

COÑECIAMOS ó autor d'iste libro d'end'o *Porto Académico*, no que traballaba e publi-

caba xa versos. Iste é un libro de sonetos, ora en endecasilabo, ora en alexandrino. Elqui non coallou o soneto com'en Portugal; hainos fermosos de Cabanillas no tempo moderno, anqu'o noso mestre no soneto sea hoxe Gonzalo López Abente. En Portugal xa levamos dito moitas veces a mestranza que s'atopa pra facer sonetos. Tanto que semella que o soneto é xa a espresión natural e espontánea dos poetas d'alén Miño, coma si xa emprinciplaran escribindo quartetos e tercetos. Podemos chamar clásicos de cheo ós mais dos sonetos do López Abente, clásico sempre, aínda cando querendo ou non, pondaliza; os sonetos portugueses son de cote un pouco barrocos - aténdonos ó *clásico, barroco, moderno*, de Rosenberg. Anque o soneto en Portugal chegou con Antero ó mais que podía chegar, mesmo en clasicismo.

Titollvio Santos Molta valeira en sonetos perfeitos o seu mundo interior. O final do libro titúlase *Auto-Análise* e cecals sea onde menos auto-análise haxa, a non ser de lantasia; haino d'abondo en todol-os outros, levado como o pode levar unh'alma moza na tristura da sua primaveira, e de toda primaveira, pol-o demais, Qué doce tristura pra se lembrar un d'ela sempre, despois, con saudade! É a envexa quz nos traí o xello elexiaco dos poetas mozos coma, Titollvio Santos Molta.

V. R.

ANCLA (1923-1925) Versos de EMILIO MOSTEIRO. Madrid. Tip. «Numancia». -1926. Portada de Suárez Couto.

VELAIQUÍ o primeiro libro de un novo poeta e de un poeta novo, gromo do antergo carballo lírico da Raza a se espresar por unha vegada en castelán. Porque Mosteiro, si non nado, por continxenza, na Galiza, leva nas veas co sangue noso o divino resollo da Saudade, con mais o revolivo do amor á Terra sagra e estuda e coñece e canta e ama fondeamente os temas, os motivos de punxente galeguismo misturado aínda nas suas trovas ás verbas do idioma das Cántigas ata facer moitas de elas bilingües: o que, en verdade, non sabemos ata que punto lle da coorido e ambiente ao pensamento ou en que mensura profana sijn querer as nosas puras palabras ao axuntelas ás do outro idioma pra lle dar o valor e o recendo que estes non terían xamais.

O libro de versos de Mosteiro responde ao seu tempo que non é pouco decir. N-ll tópanse as inquedanzas propias do fondal en que anda sulagada sin sortir á superficie a poesía castelán. Refrexos de Machado (Antón) e Xohán Ramón Ximenez nos primeiros poemas a espellarse tamen nas derradeiras trovas de mais moderno feitio ou nas gorias dos cantares de nenos da seizon «Estampas».

Morriña, Alba, Mar Picada... son temas galegos que resolve de xeito novo e infresante y la luna desocupada
pone el «Se alquila» en su fachada.
O derradeiro ronsel
morria no vermouh.

Elsí remata *Morriña*.

Como perdido antre a lírica brétema anda un soneto de sumu novidade, «Horizonte náufrago»:

La muñeira anclada
apareja deseos en la rada
y se ha muerto la novia del torero
.....
En tu pañuelo mi esperanza anida
y entre la niebla el faro se suicida
mientras toda la costa gira en vano.

Velaiquí un novo poeta e un poeta novo que tal vez se non tope moi lonxe de acudir a enrrequentar a colleita do parnaso galego, a facer seu bellado - como dirían os nosos clásicos dos Cancioneiros - baixo as nosas abelairas froridas. Deus o traía con ben.

F. B. B.

REVISTAS

O INSTITUTO, vol. 73, Coimbra. 1926.

CHEGOU a nós esta benemérita revista conimbreense, centífeca e literaria, órgano da douta corporación que preside o Prof. Costa Lobo. NÓS recibe co mais respetoso agarimo esta publicación xa d'antigo coñecida, unha das que mais honran á ciencia e ás letras portuguesas. N-ela hai de cote moito que deprender.

O número qu'agora nos ocupa traí primeiro o *Boletín do Instituto* reseñando a derradeira sesión celebrada. Veñen logo dous traballos adicados á insine D.^a Carolina Michaelis de Vasconcellos debidos a Joaquín de Carvalho e Edmundo Correia Lopes, un retrato da eminente

te escritora, e unha lista dos seus traballos. Afranio Peixoto insere logo un estudo en col do *O «Parnaso» de Camões, fonte d'un «Os Lusíadas»* no que proclama que entre as fontes do poema camoneano compre contar a obra menor do gran poeta, xa que *Os Lusíadas* son coma un resume de todo o seu saber e de toda a súa obra. E sinala as repeticións e autocopias de outras de Camões no seu poema imortal. *A Patria brasileira, rápido esboço da sua evolução política, Social e económica*, é unha conferencia do Dr. Beltencourt Rodrigues, dada por el na Universidade de Coimbra n-unha serie organizada pol-o Instituto. *Unha epístola de Nicolau Clenardo a Fernando Colombo*, copiada en latín e comentada por Joaquim de Carvalho. *El precursor de la fundación de la nueva ciudad de Panamá fué un portugués* por Juan Antonio Susto. *Subsidios para a historia da Música en Portugal*, pol-o eruditísimo Sousa Viterbo, antigo colaborador do Instituto. *Bibliografía e Varia*.

V. R.

ESTUDIANTINA, La Plata
(R. A.) Enero y Febrero,
1926.

REVISTA publicada por estudantes do Colegio Nacional de La Plata, dirixida por Juan Manuel Villarreal, de quen traí algúns poemas. Mais moderna nos dibuxos que no texto, ven así e todo chea de rebeldía, coma compre a unha publicación moza, que se dá coma forxadora do futuro. Elo abonda pra lle dar intrínseca a esta revista que Nós recibiu con viva simpatía. D'ela chamounos a atención o qu'escribía o mexicano R. Haya de la Torre, estudante e profesor da Universidade popular González Prada, hoxe exilado en Londres, de quen veñen dúas cousas, que por non dicir mais, diremos dinas d'un mexicano de hoxe, d'un fillo d'ise estrano pobo qu'aló na América retórcese con doores de parto d'algo grandeiro,

O ton xeral de *Estudiantina* semella de latinismo american, oposto por riba de todo á sorbencia yanki. Esta ben.

S. N.

BOLETÍN DE LA REAL
ACADEMIA GALLEGA,
A Cruña.

NOs números de Marzal e Abril escomenzouse a publicar o traballo de Florentino L. Cuevillas e Fermín Bouza Brey, *Prehistoria galega: O Neixón*, no que dan conta das escavacións que practicaron no vran pasado na Punta do Neixón, perto de Rianxo, nas qu'atoparon restos de tres culturas superpostas (encoliteca, do bronce e do ferro), en col de cuxos achádegos fan consideracións que van alumieando con nova luz a aosa prehistoria. No d'Abril é de notar tamén *El gallego que no se habla* por Manuel Amor Mellán, no que se refire ós tesouros lexicográficos acochados nos documentos antigos.

R.

BOLETÍN DE LA COMISIÓN
PROVINCIAL DE MONU-
MENTOS, Ourense.

TAMÉN nos números derradeiros d'iste boletín publícase un interesante traballo en col da lingua galega en relación co latín, debido ó P. Celestino García Romero.

R.

OUTRAS PUBLICACIÓNS

El *Pueblo Gallego* de Vigo emprincipiou a publicar un *Vocabulario popular Galego Castelán*, ordeado por Filgueira Valverde, Tobío Fernandes, Magariños Negreira e Cordal Carús, membros do Seminario d'Estudos Galegos. O publicado colle da verba *A* á verba *Adoitrinar*.

R.

Imprenta LAR. Real, 36 - A CRUÑA

O DIA DE GALICIA

PUBLICARÁ NÓS

un gran número extraordinario no que colaborará toda a
intelectualidade galega

A pubricacion

L A R

é a úneca que ven dando cada mes

UNHA NOVELA INÉDITA

orixinal dos millores escritores galegos

Suscripción a 6 números 1'60

número solto 30 céntimos

L A R

publicará axiña na sua

Biblioteca Teatral

O M A R I S C A L

por Ramón Cabanillas e A. Vilar Ponte

A OBRA CUME DO NOSO TEATRO REXIONAL

Merque sempre as publicaciós

L A R

Dr. MOSTEIRO

Médico
Odontólogo

Medicina e Cirugia da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

SÁNCHEZ BREGUA, 5

A CRUÑA

LUIS FÁBREGA
DROGUERIA E FARMACIA

Progreso esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor
Véndense en todol-os estabrecimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas
e Accesorios

M. Calviño
OURENSE



A mais económica de Galicia

AXIÑA
APARECERÁ

HOSTIA

POR
ARMANDO COTARELO

SANATORIO QUIRURJICO

Direitores:

Manuel Peña Rey
Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco
Cirugía geral
Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado fronte á Alameda do Cruceiro, ten todas as condicións precisas. — Praticase toda crás d'operacións. — Dotado de todol-os adiantos que pide a actual Cirugía. — Modernas instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda, con voltaxe de 250.000 voltios. — Aparello de Diatermia pra tratamento de Auxilios, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera. Lámpara de cuarzo pra sol d'ultravioleta pra tratamento d'escrofulosis, raquitismo, alopecia, eccemas, etcétera. Admítese embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cidade en casos d'urxencia. — Poden colaborar en todol-os compañeiros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE
Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto
Macía e Valeiras, Apertado 18 -- Ourense

Augas bicarbonatado-sódicas de
M O N D A R I Z



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das
estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.º de Mayo a 31 de Outubro

NON DEIXE DE MERCAR

**COVINAS
POIZ
CAPTEIXO**

**2.º volume da Biblioteca
do Seminario de estudos
Galegos**

EDICION LAR

PREZO catro PESETAS

.....
F. ROMANESACO
DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

OURENSE

Teléfono 28